



Pablo Carpintero: E para o aguinaldo... Como era a estrofa de pedir o aguinaldo?

Evaristo Vázquez:

A doniña desta casa,
que ben lle queda o sombreiro
aínda lle había quedar mellor
se nos dera un peso enteiro.

Era un peso naquel entonces.

P.C.: E algunha máis?

E.V.: A ver se te acordas ti.

José Lista:

A doniña desta casa
e máis o dono tamén
mándenolo aghinaldo...

Espera, no:

bótalle esta xente fóra
que lle acaba co que ten.

Aínda non sei se non terei algunha apuntada aí.

P.C.: E eso que se botaba ca mesma música que a dos Reis? Cando acababa a panxoliña botabanlle esa, non?

J.L.: Si.